

Abrazo ao Monte

*Ven comigo imos ver o mar
Que quero aprender a nadar.
Ven comigo imos ghabear*
POLOS MONTES DE MATAMÁ

*Ven comigo imos cociñar
Cun chisco de allo e azafrán
Vou contigo aínda que sexa a Marte
Para animarte a cantar.*



**Ven comigo, ven
ti podes subir e brillar
E no ceo serás
igual que unha estrela fugaz (bis)**

Ven comigo, iremos de excursión
DO GALIÑEIRO AO VIXIADOR
Ti na moto eu no sidecar
DE CHANDEBRITO AO SAN BLAS



**Ven comigo, ven
tamén podemos pasear
Pódesme entender
aínda que sexa sen falar.**

*Ven comigo, ven
que teño un elevador
Imos descubrir
o mundo que aínda está por vir.*



**Ven comigo, ven
ti podes subir e brillar
e no ceo serás
igual que unha estrela fugaz (bis)**



**Ven comigo, ven
tamén podemos pasear
pódesme entender
aínda que sexa sen falar.**



(♪ María Fumaça)